

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA FUNCIONAL

INDICE:

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Definición

Artigo 2. Régime xurídico

Artigo 3. Sede

TÍTULO I. DA ESTRUTURA E FUNCIÓN DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Da estrutura do Departamento

Artigo 4. Membros do Departamento

Artigo 5. Órganos do Departamento

Capítulo 2. Das funcións do Departamento

Artigo 6. Funcións do Departamento

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Órganos colexiados: o Consello de Departamento

Artigo 7. Composición do Consello de Departamento

Artigo 8. Elección de representantes no Consello de Departamento

Artigo 9. Competencias do Consello de Departamento.

Artigo 10. Funcionamento do Consello de Departamento.

Capítulo 2. Órganos colexiados: a Comisión Permanente

Artigo 11. Composición da Comisión Permanente

Artigo 12. Competencias da Comisión Permanente

Artigo 13. Elección de representantes na Comisión Permanente

Artigo 14. Funcionamento da Comisión Permanente

Capítulo 3. Órganos unipessoais: a persoa titular da dirección

Artigo 15. Da persoa titular da dirección

Artigo 16. Revogación da persoa titular da dirección

Artigo 17. Competencias da persoa titular da dirección

Capítulo 4. Órganos unipessoais: a persoa titular da secretaría

Artigo 18. Da persoa titular da secretaría

Artigo 19. Competencias da persoa titular da secretaría

Capítulo 5. Órganos unipessoais: a persoa titular da coordinación de área

Artigo 20. Da persoa titular da coordinación de área

Artigo 21. Competencias da persoa titular da coordinación de área

TÍTULO III. DA DOCENCIA

Artigo 22. Planificación docente

Artigo 23. Da actividade docente

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

Artigo 24. Da investigación

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 25. Orzamento anual

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 26. Reforma do regulamento

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Definición

1. O Departamento de Bioloxía Funcional é a unidade básica encargada da programación e o desenvolvemento do ensino e do apoio ás actividades de investigación nas tres áreas de coñecemento que o integran: Bioloxía Celular, Fisioloxía Vexetal, e Ecoloxía, con presenza nos campus de Santiago de Compostela e de Lugo.

2. O Departamento desenvolve as súas funcións en todos aqueles centros con planos de estudos con materias adscritas ás áreas de coñecemento integradas no Departamento e, no seu caso, nos correspondentes estudos de posgrao.

Artigo 2. Réxime xurídico

O Departamento rexerse polo presente Regulamento de Réxime Interno, no que se determinan os distintos aspectos do seu funcionamento, segundo o disposto na lexislación universitaria (Lei Orgánica de Universidades 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica de Universidades 4/2007, do 12 de Abril), nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, no que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, DOG 12-02-2014), e polas demais normas que lle sexan de aplicación.

Artigo 3. Sede

A sede do Departamento situarase na Facultade de Bioloxía, situada no Campus Vida da USC (Campus de Santiago de Compostela), á cal está adscrito o Departamento.

TÍTULO I. DA ESTRUTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Da estrutura do Departamento

Artigo 4. Membros do Departamento

1. O Departamento estará constituído polo persoal docente e investigador (PDI), definido nos artigos 11 e 12 dos Estatutos da USC, pertencente ás áreas de coñecemento de Bioloxía Celular, Fisioloxía Vexetal e Ecoloxía, e polo persoal de administración e servizos (PAS) adscrito ao Departamento.

Artigo 5. Órganos do Departamento

1. As persoas titulares da dirección e da secretaría son os órganos unipersonais que desempeñan a dirección do Departamento, e o Consello de Departamento é o seu órgano colexiado de dirección.

2. De acordo co previsto no artigo 105 dos Estatutos da USC, establecése no presente regulamento unha Comisión Permanente. O Consello de Departamento poderá establecer a creación doutras comisión delegadas, estables ou temporais, determinando a súa composición, competencias e funcións.

3.- O Consello de Departamento nomeará a unha persoa titular da coordinación de cada área de coñecemento, a proposta das propias áreas, elixido polos membros das respectivas áreas.

Capítulo 2. Das funcións do Departamento

Artigo 6. Funcións do Departamento

Ademais das establecidas no artigo 49 dos Estatutos da USC, son funcións do Departamento:

1. Participar na elaboración dos planos de estudio, sempre que así llo soliciten os centros responsables.

2. Elaborar os plans de organización docente (POD) nas materias da súa competencia, distribuíndo e asignando ao profesorado a docencia das materias conforme aos criterios recollidos na Normativa e Calendarios da Planificación Académica Anual que aprobe o Consello de Goberno da USC, garantindo a cobertura da docencia no caso de ausencia imprevista. Cada área de coñecemento elaborará unha proposta do seu POD e, previo acordo dos membros de cada área, será transmitido ao Consello de Departamento a través dos coordinadores respectivos de cada área, para a súa aprobación.

3. Realizar as modificación de POD motivadas por situacíons sobrevidas como baixas de docentes, nomeamentos con dereito a descontos docentes ou incorporación de novos docentes.

4. Manter o rexistro actualizado do cadro de persoal do Departamento, da súa producción científica e da súa actividade docente, investigadora e de xestión.

5. Participar nos procedementos de certificación e acreditación das actividades docentes e investigadoras dos seus membros.

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Órganos colexiados: o Consello de Departamento

Artigo 7. Composición do Consello de Departamento

1. De acordo ao artigo 104 dos Estatutos da USC, o Consello de Departamento estará composto:

- a) Polos doutores membros do departamento.
- b) Por unha representación do resto do PDI e persoal investigador en formación, que representará o 10 % do total de membros.
- c) Por unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, que suporá o 25 % do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10 % corresponderá ao estudantado de grao e máster e o 15 % ao estudantado de doutoramento.
- d) Por un representante do PAS.

Artigo 8. Elección de representantes no Consello de Departamento

1. A convocatoria para a elección dos representantes no Consello de Departamento será realizada pola Comisión Electoral Central da USC. Os representantes elixidos dos órganos colexiados serán por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dos seus respectivos colexios electorais.

2. Para a elección de representantes no Consello de Departamento seguirase a normativa electoral ao respecto da USC.

3. Todos os representantes elixidos desenvolverán as súas funcións por un período de dous anos, agás os estudiantes, que o serán por un ano. A condición de membro electo do Consello de Departamento é persoal e intransferible e perderase por renuncia, cese da vinculación co Departamento, ou deixar de cumplir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

Artigo 9. Competencias do Consello de Departamento

1. Correspondelle ao Consello de Departamento:

a) Elixir á persoa titular da dirección e, de ser o caso, propor ao/á Reitor/a a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva, de acordo ao establecido no artigo 16 deste Regulamento.

b) Elaborar a planificación docente das materias das que sexa responsable o departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49, alínea a) dos Estatutos da USC.

c) Promover o perfeccionamento da docencia.

d) Formular as demandas de PDI propostas por cada área de coñecemento e transmitidas ao Consello de Departamento a través dos coordinadores respectivos de cada área, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.

e) Solicitar, tendo en conta a proposta da área de coñecemento afectada, a convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas, consonte a lexislación vixente e os Estatutos da USC, de membros das comisíóns correspondentes, previamente elixidos por unanimidade nunha reunión de área na que deberán estar presentes a maioría dos membros da mesma. No caso no que non houbera unanimidade entre os membros da área afectada procederase á elección da comisión por sorteo.

f) Emitir os informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico dos seus estudiantes.

g) Apoiar á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49, alínea b) dos Estatutos da USC.

h) Distribuír os recursos económicos dispoñibles no departamento ás distintas actividades de investigación, docencia ou difusión do coñecemento.

i) Elaborar e aprobar o seu Regulamento de Réxime Interno.

k) Crear comisíóns para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

l) Propor o nomeamento de Doutores *Honoris Causa*, así como de outros nomeamentos de honra e distincións que contempla a USC.

m) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou a lexislación vixente.

Artigo 10. Funcionamento do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento reunirase con carácter ordinario ou extraordinario. A reunión extraordinaria será a iniciativa da persoa titular da dirección ou a petición dun terzo dos seus membros. Haberá, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico, sempre en período lectivo.

2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada pola persoa titular da dirección e deberá ser notificada aos membros do mesmo, cunha antelación mínima de dous días hábiles. A convocatoria de reunión non deberá realizarse para días inhábiles ou non lectivos na USC. Considerarase como medio ordinario de notificación o correo electrónico dirixido ao enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.

3. En cada convocatoria deberá constar: a orde do día e o lugar, data e hora sinalados para a celebración da reunión, en primeira e segunda convocatoria. As sesións poderán establecerse a través de videoconferencia entre os campus de Lugo e Santiago.

4. A orde do dia será elaborada pola dirección do departamento, redactada pola persoa titular da secretaría, co visto e prace da persoa titular da dirección. Tamén se incluirán na orde do dia os puntos que, previamente á convocatoria, soliciten en escrito razoado a lo menos tres membros do Consello.

5. A secretaría porá a disposición dos membros do Consello a documentación relativa aos asuntos a tratar como mínimo 2 días antes da data de celebración da sesión, ben sendo remitida, excepto nos casos que sexa fisicamente imposible, ou ben estando a disposición dos membros do Consello na secretaría do Departamento.

6. O Consello de Departamento considerarase validamente constituído en primeira convocatoria coa asistencia da metade máis un dos seus membros e en segunda, que se celebrará media hora despois, cunha quinta parte dos membros do Consello. En todo caso, é necesaria a asistencia das persoas titulares da dirección e da secretaría ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.

7. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos. Os acordos do Consello de Departamento adoptaranse por asentimento ou mediante votación dos presentes. Neste último caso, os acordos tomaranse por maioria simple, agás que se estableza o contrario noutras normas que sexan de aplicación. No caso de que algúm membro do Consello o solicite, a votación realizarase de forma secreta.

8. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes a totalidade dos membros do Consello de

Departamento e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable de dous terzos dos membros.

9. O Consello de Departamento poderá reunirse con carácter extraordinario, calquera día hábil en período lectivo, cando a importancia ou urxencia do asunto que se vaia a tratar así o requira, ben por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste último caso deberase cursar á dirección do Departamento unha **solicitud** de convocatoria razoada, facendo constar nela o tema que se vai tratar, e asinada pola totalidade dos demandantes.

10. A convocatoria da sesión extraordinaria deberá ser notificada por correo electrónico, cunha antelación mínima de 2días.

11. A persoa titular da secretaría levantará acta de cada sesión na que se especificarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias **de lugar e tempo** nas que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o **contido** dos acordos adoptados. A acta provisoria enviarase aos membros do Consello de Departamento coa convocatoria da seguinte sesión ordinaria do Consello de Departamento, na cal aprobaranse, se procede, a acta da sesión ordinaria anterior e as das sesións extraordinarias ainda non aprobadas.

12. O Consello de Departamento poderá invitar ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera persoa que poida aportar información de interese para o Departamento ou resultar afectado polos acordos que se adopten.

13. No caso de que durante a sesión xurda debate acerca dalgún dos puntos da orde do día, corresponderá á dirección establecer a orde de intervención e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e, no seu caso, precisar as propostas que vaian ser obxecto de votación e o procedemento a seguir.

14. Os membros do Departamento terán dereito a que consten na acta as súas observacións en relación co desenvolvemento do debate, debendo entregalas por escrito á persoa titular da secretaría quen lles dará lectura pública antes de rematar a sesión.

15. Considerase aprobación por asentimento cando realizada unha proposta non haxa obxección nin oposición por parte de ningún membro. En caso contrario procederase á votación ordinaria.

16. Se unha vez debatido un punto da orde do día procede a votación, esta poderá realizarse:

a) A man alzada, primeiro os que aproban a cuestión, en segundo lugar os que a desaproban, e en terceiro lugar aqueles que se abstean.

b) Votación secreta, que farase depositando as papeletas nunha urna, cando o solicite calquera dos membros do Consello de Departamento presentes, e sempre no caso de que afecten a persoas concretas. No campus no que non estea presente a persoa titular da secretaría actuará como tal o membro de menor antigüidade presente na reunión.

17. En caso de empate decidirá o voto de calidade da persoa titular da dirección do Departamento.

18. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular un voto particular por escrito dentro das 48 horas seguintes ao remate da sesión, voto que se incorporará ao texto aprobado.

19. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno da Universidade.

Capítulo 2. Órganos colexiados: a Comisión Permanente

Artigo 11. Composición da Comisión Permanente

1. De acordo co previsto no artigo 5.2 do presente Regulamento, establecese unha Comisión Permanente integrada por membros do Consello de Departamento tal como se indica a continuación:

- a) A persoa titular da dirección do Departamento, quen a presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría do Departamento, que o será tamén da Comisión Permanente.
- c) A persoa titular da coordinación de cada área.
- d) Un representante do persoal investigador contratado ou en formación.
- e) Un representante do PAS.
- f) Un representante do estudiantado.

Artigo 12. Competencias da Comisión Permanente

1. Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados polo Consello de Departamento.
- c) Redactar normativas, informes e propostas relacionadas co funcionamento do Departamento, que se someterán á aprobación do Consello de Departamento.

d) Axilizar acordos que lle foran demandados con urxencia por órganos superiores, tales como modificacións do POD sempre que non supoñan grandes alteracións no POD aprobado, a requirimento dos centros ou do Vicerreitorado competente.

Artigo 13. Elección de representantes na Comisión Permanente

1. A proposta e elección de representantes na Comisión Permanente terá lugar en sesión de Consello de Departamento.

2. Os membros da Comisión serán renovados despois do nomeamento dun novo director ou directora do Departamento, ou antes por acordo do Consello de Departamento.

3. Os membros da Comisión Permanente poderán cesar por vontade propia, por perda da condición que os fixo elixibles, ou debido á falta inxustificada de asistencia polo menos o 60% das reunións convocadas nun ano, de xeito que se deberá proceder á elección dun substituto no prazo de tempo máis breve posible. Os membros cesados serán substituídos polos seguintes máis votados ata que se proceda a unha nova elección.

Artigo 14. Funcionamento da Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente reunirase por iniciativa da persoa titular da dirección do Departamento. A convocatoria realizarase para un día lectivo, será notificada por correo electrónico a todos os membros da comisión cunha antelación mínima de 2días, e nela deberá constar o lugar, data e hora de reunión, así como a orde do día. As sesións poderán establecerse mediante conexión por videoconferencia entre o campus de Lugo e o campus de Santiago.

2. A Comisión Permanente considerarase validamente constituída coa presenza dun terzo dos seus membros. En todo caso, é necesaria a asistencia das persoas titulares da dirección e da secretaría ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.

3. A persoa titular da secretaría levantarán acta de cada sesión na que se especificarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo nas que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. As actas serán aprobadas pola propia Comisión e os acordos adoptados serán comunicados aos membros do Consello de Departamento pola persoa titular da dirección durante a seguinte sesión ordinaria do Consello de Departamento.

4.- Os acordos da Comisión Permanente adoptaranse polo mesmo procedemento establecido no artigo 10.7 para o Consello de Departamento.

Capítulo 3. Órganos unipessoais: a persoa titular da dirección

Artigo 15. Da persoa titular da dirección

1. A persoa titular da dirección representa ao Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. De acordo o artigo 107.2 dos Estatutos da USC, a persoa titular da dirección do Departamento de Bioloxía Funcional será elixido polo Consello de Departamento de entre os seus membros que sexan profesores doutores con vinculación permanente á Universidade e con dedicación a tempo completo, correspondendo ó Reitor/a o seu nomeamento segundo o procedemento establecido no regulamento electoral xeral.
3. De non se poder levar a cabo a elección por falta de candidatos que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, trala proposta do/a Reitor/a, encargaralle provisoriamente as funcións de dirección ao profesor/a de maior cargo e antigüidade do Departamento ou, no seu defecto, doutro Departamento. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.
4. O mandato da persoa titular da dirección do Departamento terá unha duración de catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.
5. En caso de ausencia ou enfermidade, a persoa titular da dirección será substituída con carácter accidental polo membro do departamento de maior categoría e antigüidade que sexa profesor ou profesora doutor/a con vinculación permanente á Universidade.
6. As decisións da persoa titular da dirección do Departamento adoptarán a forma de resolucións.
7. As resolucións da persoa titular da dirección do Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o/a Reitor/a da Universidade.
8. A persoa titular da dirección do Departamento poderá cesar nas súas funcións por decisión propia, mediante renuncia formalmente expresada diante do/a Reitor/a ou por aprobación dunha moción de censura conforme ao procedemento recollido no artigo 16 deste Regulamento, por inhabilitación ou suspensión para exercer cargo público, deixar de pertencer aos corpos docentes universitarios ou por modificación da súa dedicación (artigo 15.2 deste Regulamento).

Artigo 16. Revogación da persoa titular da dirección

1. A persoa titular da dirección do Departamento poderá ser revogada mediante moción de censura constitutiva.

2. A moción de censura, para ser tramitada, deberá estar asinada por un terzo dos membros do Consello de Departamento, e incluir o nome dunha persoa candidata alternativa, que debe cumplir os requisitos esixidos para ser director ou directora.

3. Cando concorran estas circunstancias, procederase do seguinte xeito:

a) A persoa titular da dirección convocará unha sesión extraordinaria de Consello de Departamento, a celebrar nun prazo máximo de dez días lectivos, con o asunto da revogación da persoa titular da dirección como único punto na súa orde do día.

b) Tanto a persoa candidata proposta como a persoa titular da dirección, disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Tralo oportuno debate, procederase á votación nominal e secreta.

c) Se a moción de censura obtivese o voto favorable da maioria absoluta dos membros do Consello de Departamento, será proclamado persoa titular da dirección a persoa candidata proposta na moción de censura.

d) Se a moción de censura non acadase a maioria absoluta, considerarase rexeitada e os seus asinantes non poderán presentar outra durante o resto do período de mandato da persoa titular da dirección.

Artigo 17. Competencias da persoa titular da dirección

1. Son competencias específicas da persoa titular da dirección do Departamento (artigos 107 e 108 dos Estatutos da USC):

a) Ostentar a representación do Departamento.

b) Presidir e convocar o Consello de Departamento, a Comisión Permanente, así como as outras comisión que o Consello establecese.

c) Executar os acordos adoptados polo Consello de Departamento e vixiar o seu cumprimento.

d) Organizar e coordinar, de acordo co Consello de Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumplir os obxectivos investigadores e docentes.

e) Executar as previsións orzamentarias.

f) Propoñer ao/á Reitor/a o nomeamento da persoa titular da secretaría do Departamento.

g) Aquelas outras competencias que lle encomende a lexislación de rango superior a este Regulamento.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

Capítulo 4. Órganos unipersonais: a persoa titular da secretaría

Artigo 18. Da persoa titular da secretaría

1. A persoa titular da secretaría será nomeada polo/a Reitor/a, tras a proposta da persoa titular da dirección, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 do Departamento.

2. A persoa titular da secretaría cesará por decisión do/a Reitor/a, logo da proposta da persoa titular da dirección do Departamento ou a petición propia.

Artigo 19. Competencias da persoa titular da secretaría

1. A persoa titular da secretaría do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademais, exercerá aqueloutras funcións que lle delegue a persoa titular da dirección ou lle encomenden os Estatutos da USC ou a lexislación vixente.

2. No suposto de imposibilidade de asistencia por parte da persoa titular da secretaría, fará as súas funcións, con carácter accidental, o membro de menor antigüidade dos profesores doutores do Departamento.

Capítulo 5. Órganos unipersonais: a persoa titular da coordinación de área

Artigo 20. Da persoa titular da coordinación de área

1. A persoa titular da coordinación de área será elixida polos membros do Consello de Departamento adscritos ao área.

Artigo 21. Competencias da persoa titular da coordinación de área

1. A persoa titular da coordinación de área, de acordo co profesorado da mesma, será o encargado de elaborar unha proposta de POD que se remitirá ao Consello de

Departamento, e de transmitir os acordos adoptados na área que coordina e que deban ser tratados no Consello de Departamento.

2. A persoa titular da coordinación de área será a interlocutora do Departamento coas áreas naquelas cuestiós que lles afecten especificamente.

TÍTULO III. DA DOCENCIA

Artigo 22 Planificación docente

1. O Consello de Departamento aprobará anualmente a proposta de planificación da súa actividade docente para a súa remisión á Vicerreitoría con competencias ao respecto.

2. O reparto do encargo docente farase, dentro de cada unha das tres áreas de coñecemento, de xeito equitativo entre todo o persoal docente, respectando o seu réxime de dedicación, categoría académica e antigüidade na mesma, e outras consideracións de conformidade coa normativa da Universidade.

Artigo 23. Da actividade docente

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudiantado e á preparación para o exercicio da súa actividade profesional.

2. O Departamento é responsable da docencia, da asignación e da programación académica das materias adscritas ás Áreas de Bioloxía Celular, Fisioloxía Vexetal e Ecoloxía nas distintas titulacións nas que imparte as súas ensinanzas, de acordo aos planos de estudos e a normativa aprobada polo Consello de Goberno.

3. O Departamento, será o encargado de definir e coordinar os programas e contidos das materias das súas áreas de coñecemento.

4. O Consello de Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá polo menos:

a) Aprobar e garantir a publicación do programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado.

b) Aprobar as metodoloxías docentes de acordo co indicado nos planos de estudos.

c) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada materia.

d) Distribuir e asignar as tarefas docentes dentro de cada área de coñecemento e entre o profesorado das respectivas áreas, arbitrando ante situacións imprevistas as medidas oportunas que garantan as ensinanzas adscritas ás áreas de coñecemento do departamento.

e) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.

5. O Consello de Departamento autorizará as actividades docentes dos profesores visitantes, eméritos, *ad honorem* e outros profesores con vinculación temporal, que poderán estar dirixidas á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización, conforme á normativa que sexa de aplicación.

6. O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico. Corresponderá ao Consello de Departamento aprobar ditas actividades así como o seu orzamento.

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

Artigo 24. Da investigación

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia do coñecemento á sociedade. Para este efecto, promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación, e a cultura emprendedora (artigo 141 dos Estatutos da USC).

2. A investigación é un derecho e un deber do PDI. Recoñécese e garántese, no ámbito do Departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.

3. O Departamento, ou os seus profesores poderán establecer contratos con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas para a realización de traballos de carácter científico ou técnico ou cursos de formación ou especialización, acordes coas normas e procedementos establecidos pola USC.

4. O Departamento, promoverá e divulgará a actividade investigadora realizada polos seus membros a través dos medios que considere mais axeitados.

5. O Departamento levará a cabo un rexistro da produción científica do seus membros e de todos aqueles eventos relacionados coa súa actividade investigadora. Para tal efecto, o PDI do Departamento deberá informar anualmente á secretaría sobre a publicación de traballos científicos, concesión de bolsas, premios ou proxectos e contratos de investigación (convocatoria, contía, equipos adquiridos, etc.), así como da incorporación de estudantes, bolseiros, e persoal vinculado a convenios, contratos ou proxectos de investigación.

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 25. Orzamento anual

1. Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, a persoa titular da dirección elaborará e presentará ao Consello de Departamento para a súa aprobación o orzamento anual, no que se detallará a proposta de distribución dos mesmos.

2. Corresponde ao Consello de Departamento aprobar a distribución das cantidades asignadas anualmente en concepto de produción científica, as cales serán distribuídas entre as tres áreas de coñecemento en función de criterios obxectivos que deberán axustarse ao establecido polos órganos de Goberno da USC para o reparto de dítos fondos.

3. A persoa titular da dirección presentará ao Consello de Departamento o balance anual de peche de exercicio para a súa aprobación.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 26. Reforma do Regulamento

1. A iniciativa para a reforma do presente Regulamento pode ser levada a cabo pola persoa titular da dirección ou a pedimento dun 20% dos membros do Consello de Departamento. Neste último caso deberase cursar á dirección do Departamento unha solicitude de reforma debidamente razoada, facendo constar nela o/s artigo/s que se van modificar, e asinada pola totalidade dos solicitantes.

2. A persoa titular da dirección remitirá a proposta de reforma, debidamente articulada e razoada, a todos os membros do Consello de Departamento para que poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.

3. O proxecto de reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de reforma.

4. A proposta definitiva de reforma do Regulamento deberá ser aceptada por maioria absoluta dos membros constituídos no Consello de Departamento, sempre que a asistencia á sesión do Consello supere a metade dos seus membros. No caso de ser rexeitada, os seus promotores non poderán presentar outra sobre o mesmo tema no prazo dun ano.

5. No caso de que a reforma do Regulamento sexa aprobada polo Consello de Departamento, o novo texto será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira: Correspondrá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste Regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

Segunda: En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime Interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única: O presente Regulamento de Réxime Interno entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro da sede electrónica da USC logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.

